

# **CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

## **ACTA Nº 8-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL**

**- DIA 27/06/2013-**

**Marxe que se cita:**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes:**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) CHEGA ÁS 20:25 HORAS

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE) CHEGA ÁS 20:16

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP) vaise ás 20:46

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

**Concelleiros ausentes:--**

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:08 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTRA RESPECTO DOS EXPEDIENTES DE INVESTIGACIÓN DE BENS EN TRAMITACIÓN

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ÍNTEGRA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

6º.- MOCIONS DE URXENCIA.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Acta Nº 6 Sesión extraordinaria do día 23/05/2013

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 13 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

## Acta Nº 7 Sesión ordinaria do día 30/05/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A concelleira Adelina Ces Quintans, alude a un erro na súa intervención no punto 5º da orde do día, de xeito que:

- onde pon: “parte de que se hai un defecto na prestación do servizo hai que procurar que haxa un mal maior.”

- debe por: “parte de que se hai un defecto na prestación do servizo hai que procurar que non haxa un mal maior.”

Non habendo mais observacións ao respecto, por unanimidade dos 13 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada coa emenda sinalada.

## **2- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2013 ata o 31/05/2013, que comprenden os números 199/2013 ao 247/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 9 da Sesión ordinaria do día 14/05/2013
- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 28/05/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

## **3.- DACION DE CONTA RESPECTO DOS EXPEDIENTES DE INVESTIGACIÓN DE BENS EN TRAMITACIÓN**

*Incorpórase á sesión a concelleira D. Olga González Dourado sendo ás 20:16 horas.*

O alcalde comunica aos membros do Pleno corporativo que os expedientes deste tipo estanse a tramitar na Xunta de Goberno Local posto que trala revisión da doutrina e a xurisprudencia pola Secretaria municipal estimase que ao non estar a competencia ao respecto atribuída especificamente a un órgano municipal e non ser equiparables necesariamente o termo “corporación” co pleno, correspóndelle á Alcaldía a adopción dos acordos en materia de bens, se ben en virtude da Resolución nº 912/2011, modificada pola Resolución nº 1052/2011 actualmente está delegado na Xunta de Goberno Local.

<<D) EN MATERIA DE BENS:

1.- ...

2.-Incoación e resolución dos expediente relativos ao uso e defensa dos bens municipais: investigación, deslinde, recuperación de oficio.>>

Así as cousas, continúa a Alcaldía, na última Xunta de Goberno Local realizada o 25/06/2013 acordouse declarar a caducidade polo transcurso excesivo de tempo sen tramitación do expediente relativo á recuperación do terreo en Costiña-Asadelos para volvelo a incoar e incorporara toda a documentación nel obrante outorgándolle audiencia ao denunciante e denunciado e posteriormente poder resolvelo.

Tamén recentemente concedeuse audiencia ao denunciante que solicitou a apertura dun expediente de investigación por un terreo e un camiño en Os Lemos, cara a dotar de maior documentación o estudo previo que se esta realizando para dilucidar a incoación ou non do expediente de investigación previa.

Non hai intervencións.

#### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ÍNTEGRA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<<O Departamento de Servizos sociais achega unha proposta de modificación da ordenanza actualmente vixente para adaptala aos últimos cambios na normativa que lle afecta. Traese o texto íntegro incluíndo as modificacións efectuadas.

Incorporado o día 14/06/2013 o informe de Secretaria sobre os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA DO ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

**Segundo:** Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

**Terceiro:** De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

#### **ANEXO**

#### **ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIANXO**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Rianxo, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

## **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º.- Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Rianxo.

### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Rianxo.

### **Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo**

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### **Artigo 4º.- Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais municipais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

III. Preparación dos alimentos.

IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.

V. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e a integración na comunidade así como a mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

c. Adaptacións funcionais do fogar.

d. Servizo de podoloxía.

e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a) A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b) Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. As persoas destinatarias do servizo deberán estar empadroadas no Concello de Rianxo.

#### **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Residir, real e efectivamente, no Concello de Rianxo
2. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
3. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios nas circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
4. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
5. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
6. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
7. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
8. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
9. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
10. Manter informado ao persoal de referencia sobre os aspectos relativos á súa saúde co fin de mellorar a súa atención, e permitir adoptar as medidas preventivas que se requirán.
11. Comunicar a existencia de enfermidades infectocontaxiosas para tomar as medidas de protección necesarias para os profesionais e facilitar datos médicos co obxecto de cumprir a normativa en prevención de riscos laborais.
12. Non realizar cambios de horarios, tarefas, etc., sen autorización do/a técnico/a responsable do servizo
13. Permanecer no domicilio mentres se preste o servizo.
14. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
15. Sufragar os gastos do material de limpeza, aseo e alimentación.

#### **Artigo 8º.- Deberes dos/as auxiliares de axuda no fogar**

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza coa persoa usuaria e a súa familia interfiran no seu traballo.
2. Respetar a confianza do/a usuario/a e gardar a debida confidencialidade.
3. Non acudir ao lugar de traballo acompañado de persoas alleas ó servizo.
4. Non se poderán recibir en custodia, diñeiro, xoias nin outro tipo de obxectos.
5. Non recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar.
6. Non facerlle traballos a outros membros da familia distintos da persoa beneficiaria, aínda que convivan na mesma casa.
7. Non realizar en ningún caso tarefas que non foran incluídas no proxecto de intervención.

8. Non se dispoñerá de claves de ningún domicilio salvo autorización por escrito da persoa usuaria.

9. En caso de ausencia os/as auxiliares deberán poñelo en coñecemento da persoa coordinadora do servizo co maior brevidade posible para facilitar a súa substitución e a fin de evitar a non prestación do servizo ás persoas usuarias do mesmo.

#### **Artigo 9º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a. A renuncia da persoa usuaria.

b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

d. Falecemento da persoa usuaria.

e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f. A falta reiterada de pagamento do servizo.

g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán reflexarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **Artigo 10º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚN**

#### **Artigo 11º.- Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Rianxo ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

#### **Artigo 12º.- Requisitos específicos**

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| <b>Número de persoas usuarias</b> | <b>Persoal técnico mínimo</b>  |
|-----------------------------------|--|
| 50 a 99                           | 1 técnico/a titulado/a xornada completa  |
| 100 a 199                         | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa  |
| 200 a 399                         | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa  |
| Incrementos sucesivos             | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa. |

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no

domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Rianxo e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo V desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Rianxo e a persoa usuaria, segundo o Anexo IV desta ordenanza.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **Artigo 13º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. Acceso directo: O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Rianxo cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

2. Acceso por libre concurrencia: Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concurrencia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo III desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de empadramento colectivo.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde, segundo Anexo II.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.

3. Xustificante de alugueiro de vivenda, de ser o caso.

4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello de Rianxo, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de emparte da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.



3. Acceso por urxencia sobrevida: Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo, ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención, dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

#### **Artigo 14º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V desta ordenanza (anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.

- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo V desta ordenanza (anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

- Un acordo de servizo asinado entre o concello de Rianxo e a persoa usuaria, segundo o anexo IV desta ordenanza.

- Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinario, cando as circunstancias así o aconsellen.

#### **Artigo 15º.- Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no

artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3, Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

**Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

**Artigo 17º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

**Artigo 18º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

|   | GRAO I  |          | GRAO II |          | GRAO III |          |
|---|---------|----------|---------|----------|----------|----------|
|   | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II | Nivel I  | Nivel II |
| Capacidade económica (referida ó IPREM) | 20 h    | 30 h     | 40 h    | 55 h     | 70 h     | 90 h     |
| ≤ ó 100% do IPREM                       | 0%      | 0%       | 0%      | 0%       | 0%       | 0%       |
| >do 100% e ≤ do 115% do IPREM           | 4,52%   | 6,56%    | 8,59%   | 11,42%   | 14,47%   | 18,09%   |
| >do 115% e ≤ do 125% do IPREM           | 5,41%   | 7,84%    | 10,28%  | 13,66%   | 17,31%   | 21,64%   |
| >do 125% e ≤ do 150% do IPREM           | 5,55%   | 8,05%    | 10,54%  | 14,01%   | 17,76%   | 22,19%   |
| >do 150% e ≤ do 175% do IPREM           | 5,65%   | 8,19%    | 10,73%  | 14,26%   | 18,07%   | 22,59%   |
| >do 175% e ≤ do 200% do IPREM           | 5,72%   | 8,30%    | 10,87€  | 14,45%   | 18,31%   | 22,89%   |
| >do 200% e ≤ do 215% do IPREM           | 5,81%   | 8,42%    | 11,03%  | 14,66%   | 18,58%   | 23,23%   |
| >do 215% e ≤ do 250% do IPREM           | 6,03%   | 8,75%    | 11,46%  | 15,24%   | 19,31%   | 24,14%   |

|                               |       |       |        |        |        |        |
|-------------------------------|-------|-------|--------|--------|--------|--------|
| >do 250% e ≤ do 300% do IPREM | 6,24% | 9,05% | 11,86% | 15,76% | 19,97% | 24,97% |
| >do 300% e ≤ do 350% do IPREM | 6,42% | 9,30% | 12,19% | 16,20% | 20,53% | 25,66% |
| >do 350% e ≤ do 400% do IPREM | 6,54% | 9,48% | 12,42% | 16,51% | 20,93% | 26,16% |
| >do 400% e ≤ do 450% do IPREM | 6,63% | 9,62% | 12,60% | 16,75% | 21,22% | 26,53% |
| >do 450% e ≤ do 500% do IPREM | 6,70% | 9,72% | 12,74% | 16,93% | 21,45% | 26,82% |
| Superior ó 500% do IPREM      | 6,76% | 9,80% | 12,84% | 17,07% | 21,63% | 27,04% |

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

#### **Artigo 19.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 17 desta ordenanza.

| <b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>                 | <b>Participación no custe do servizo de SAF básico</b> |
|---|--|
| Menor de 0,80 IPREM                         | <b>0%</b>  |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | <b>10%</b>   |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | <b>25%</b>   |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | <b>50%</b>   |
| Maior de 2,50 IPREM                         | <b>80%</b>   |

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 20º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Rianxo, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

#### **Artigo 21º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **Artigo 22º.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

#### **Artigo 23º.- Nacemento da obriga de pago**

A obriga de pagar as taxas reguladas neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. As taxas contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Elaborarase un Informe coas horas efectivamente prestadas no mes anterior para o departamento de Recadación municipal, quen remitirá un recibo individual á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

**Artigo 24º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP con datas 19/10/2009, 08/10/2009 e 25/01/2011, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

**ANEXO I – BAREMO DE PUNTUACIÓN**

A finalidade do baremo é establecer unha orde de prioridade para a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrência, de acordo cos seguintes criterios:

1. Autonomía persoal (36 puntos)
2. Situación socio familiar/socialización menores (20 puntos)
3. Situación socioeconómica (10 puntos)
4. Valoración da adecuación do recurso (20 puntos)
1. Autonomía persoal para a realización das actividades básicas da vida diaria. Puntuación máxima 36 puntos

| ACTIVIDADES  | PUNTUACIÓN* |
|--|-------------|
| Vestirse e espirse                                   | 0 1 2 3     |
| Aseo e hixiene persoal                               | 0 1 2 3     |
| Continencia urinaria e fecal                         | 0 1 2 3     |
| Mantemento da saúde: control medicación, ...         | 0 1 2 3     |
| Axuda para transferencias cama - cadeira/sofá        | 0 1 2 3     |
| Axuda para a deambulación dentro do fogar            | 0 1 2 3     |
| Preparación de alimentos                             | 0 1 2 3     |
| Limpeza e mantemento básico do fogar                 | 0 1 2 3     |
| Roupa: lava-la, tendela, pasar o ferro               | 0 1 2 3     |
| Manexo de aparellos básicos do fogar: butano, luz... | 0 1 2 3     |
| Administración de bens e cartos                      | 0 1 2 3     |
| Xestións externas: ir ó medico, banco, compras       | 0 1 2 3     |

\* 0 puntos: normalmente (é independente)

\* 1 punto: con algunha dificultade\* 2 puntos: con moitas dificultades

\* 3 puntos: non pode (dependente)

2. **Situación socio familiar e apoio social**, establecendo o grao en que a familia ou as persoas do seu entorno prestan coidados a atencións. Puntuación máxima 20 puntos.

**a) A persoa vive soa:**

|   |           |
|---|-----------|
| Carece de familiares e rede veciñal e/ou social de apoio  | 20 puntos |
| Non recibe ningún tipo de axuda, por parte de familiares ou da rede veciñal, por falla de relación ou interese dos familiares directos. | 18 puntos |
| Ten familiares ou veciños/as que o atenden en situacións puntais ou de emerxencia   | 15 puntos |

|  |           |
|--|-----------|
| Ten familiares ou veciños que lle prestan axuda, pero a atención é insuficiente  | 10 puntos |
| Ten familiares con obriga de prestar alimentos que prestan unha axuda de, alomenos, 2 horas diarias                    | 5 puntos  |
| A persoa decide vivir soa cando pode vivir con familiares  | 2 puntos  |
| A persoa non acepta outro recurso máis axeitado a súa situación  | 0 puntos  |
| Conviven so con menores de 16 anos ou con outra persoa en situación de dependencia recoñecida                          | 20 puntos |
| O/A cuidador/a principal ten recoñecidos, facultativamente, déficits na saúde que lle dificultan a prestación da axuda | 15 puntos |
| O/A cuidador/a principal carece de habilidades para atendelo   | 15 puntos |
| O/A cuidador/a principal traballa toda a xornada   | 10 puntos |
| O/A cuidador/a principal traballa media xornada  | 5 puntos  |
| Os familiares están sobrecargados e carecen de tempo de lecer  | 5 puntos  |
| Os familiares que o atenden están desocupados e sen cargas familiares  | 0 punto   |

**b) A persoa convive con familiares ou outras persoas:**

**c) Socialización dos menores.** Este factor so se terá en conta no caso de que o/a beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar sexa menor de idade, substituíndo os apartados anteriores.

**I. Conflito** (máximo 5 puntos)

- Cun membro xerador de conflito (2 puntos)
- Con máis dun membro xerador de conflito (5 puntos)

**II. Limitacións de rol** (máximo 2 puntos)

Familias en que o/os proxenitor/es ou titor/es teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos)

**III. Monoparentalidade** (máximo 2 puntos)

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)

**IV. Habilidades parentais** (máximo 6 puntos)

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (6 puntos)

**V. Número de menores** (máximo 5 puntos)

- Un menor (1 punto)
- Dous menores (2 puntos)
- Tres ou máis menores ou condición de familia numerosa (5 puntos)

**3. Situación económica**

Excepcionalmente, no caso de que as relacións entre os membros da unidade familiar sexan moi conflitivas, so se terá en conta a situación económica da persoa beneficiaria.

(Puntuación máxima 10 puntos)

| RENDA PER CAPITA MENSUAL                    | PUNTUACION |
|---|------------|
| Menor de 0,80 IPREM                         | 10 puntos  |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | 6 puntos   |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | 4 puntos   |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | 2 puntos   |
| Maior de 2,50 IPREM                         | 0 puntos   |

4. **Valoración da adecuación do recurso**, a criterio do/a Traballador/a Social responsable:

|   |           |
|---|-----------|
| Recurso idóneo.   | 20 puntos |
| Recurso complementario doutro recurso ou do apoio familiar.   | 15 puntos |
| Recurso temporal mentres se resolve o trámite do recurso idóneo ou intervención coa familia para que presten apoio. | 10 puntos |
| Situación non prioritaria   | 5 puntos  |
| Recurso innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención  | 0 puntos  |

Rianxo, a.....de .....de 2010.

Traballador/a Social responsable: .....

Nº Colexiado/a: .....

**Sinatura**

## ANEXO II – INFORME DE SAÚDE

### SOLICITANTE:

Nome a apelidos: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_ Nº afiliación: \_\_\_\_\_

### MÉDICO RESPONSABLE:

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº Colexiado: \_\_\_\_\_ Centro de Trabajo: \_\_\_\_\_

### VALORACIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL:

| ACTIVIDADES                                   | INDEPENDENTE | ALGUNHA DIFICULTADE | MOITAS DIFICULTADES | DEPENDENTE |
|---|--------------|---------------------|---------------------|------------|
| Vestirse e espirse                            |              |                     |                     |            |
| Aseo e hixiene persoal                        |              |                     |                     |            |
| Continencia urinaria e fecal                  |              |                     |                     |            |
| Mantemento da saúde: control medicación, ...  |              |                     |                     |            |
| Axuda para transferencias cama - cadeira/sofá |              |                     |                     |            |
| Axuda para a deambulación dentro do fogar     |              |                     |                     |            |

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
| Preparación de alimentos                             |  |  |  |  |
| Limpeza e mantemento básico do fogar                 |  |  |  |  |
| Roupa: lavala, tendela, pasar o ferro                |  |  |  |  |
| Manexo de aparellos básicos do fogar: butano, luz... |  |  |  |  |
| Administración de bens e cartos                      |  |  |  |  |
| Xestións externas: ir ó medico, banco, compras       |  |  |  |  |

**DIAGNÓSTICO:** \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**MEDICACIÓN:** \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**OBSERVACIÓNS:** \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**Data e Sinatura**

**ANEXO III – SOLICITUDE**

Datos da persoa interesada

|          |                   |              |          |
|----------|-------------------|--------------|----------|
| NOME     | APELIDOS          |              |          |
| DNI      | DATA DE NACEMENTO | ESTADO CIVIL |          |
| ENDEREZO |                   |              | TELÉFONO |

Datos da persoa representante ou gardadora de feito

|          |                                |  |          |
|----------|--------------------------------|--|----------|
| NOME     | APELIDOS                       |  |          |
| DNI      | RELACIÓN COA PERSOA INTERESADA |  |          |
| ENDEREZO |                                |  | TELÉFONO |

|  |  |
|--|--|
|  |  |
|--|--|

**SOLICITA:**

A valoración do meu caso para a concesión da prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), conforme á normativa municipal que regula este Servizo, e para o que achego a seguinte documentación:

- o Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- o Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- o Certificado de empadramento colectivo.
- o Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde, segundo Anexo II.
- o Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- o Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia
- o Número de conta bancaria

Protección de datos de carácter persoal: Consonte ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ó ficheiro de persoas usuarias do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Rianxo .En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo ó Concello de Rianxo

Sinatura da persoa interesada, representante legal ou gardadora de feito

Rianxo, de do 20 \_\_.

SR./A ALCALDE/SA DO CONCELLO DE RIANXO.

Quen abaixo asina Declara que: todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros, non existindo omisión de datos.

**ANEXO IV – ACORDO DE SERVIZO**

Reunidos en Rianxo, o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_, dunha parte D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e doutra \_\_\_\_\_, en calidade de técnica/o responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rianxo,

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Rianxo prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) á persoa arriba citada dende o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.
2. Que a prestación do SAF ser realizará por un prazo de \_\_\_\_\_ con posibilidade de prórroga segundo a valoración da/o técnica/o responsable do SAF.
3. Que o SAF se levará a cabo de acordo coa seguinte táboa:

| Nº Horas semanais/mensuais | Días da semana | Horario |
|----------------------------|----------------|---------|
|                            |                |         |

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o SAF, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo correspondente, a persoa usuaria comprométese a achegar mensualmente \_\_\_\_\_ euros por hora como contribución ó custe do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
  - o Atencións de carácter persoal e doméstico:



- Atencions de apoio psicosocial:
- Atencions de carácter socioeducativo:
- Atencions de carácter técnico e complementario:

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal serán as seguintes:

Atención de carácter persoal:

Atención de carácter doméstico:

Atencions de apoio psicosocial e socioeducativo:

Atencions complementarias:

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria e a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción, entre outras.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínoa en Rianxo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

A persoa usuaria A/o familiar ou A/ o técnica/o  
persoa responsable

\_\_\_\_\_

## ANEXO V – PROXECTO DE INTERVENCIÓN

### 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

|  |                    |                    |                       |              |
|--|--------------------|--------------------|-----------------------|--------------|
| Nº Expediente:<br>Nº Expediente SIUSS: | Intervención nº:   | Data de Solicitud: | Data de Inicio:       |              |
| Nome e Apelidos:                       | Data de Nacemento  | DNI                | Sexo:                 | Estado Civil |
| Sector de Referencia:                  | Ámbito de Atención |                    | Nª total de usuarios: |              |
| Nome / Nº Proxecto                     | Data do Proxecto   |                    | Data Fin de Proxecto  |              |

**Antecedentes relevantes:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 2. ATENCIÓN QUE SE PRESTARÁ.

| Nº Horas semanais/mensuais | Días da semana | Horario |
|----------------------------|----------------|---------|
|                            |                |         |

Tipo de Servizo:

\_\_\_\_\_

Perfil das/os Profesionais:

\_\_\_\_\_

Outros Servizos:

\_\_\_\_\_

**3. EXISTENCIA DOUTROS SERVIZOS/APOIOS PRESTADOS NO DOMICILIO:**

**Sí No**

| Tipo de servizos/apoios | Nº horas semanais |
|-------------------------|-------------------|
|                         |                   |
|                         |                   |
|                         |                   |
|                         |                   |

**4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E TAREFAS QUE SE PROPOÑEN:**

Obxectivos: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Tarefas: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Periodicidade do seguimento:

**Diario Semanal Quinquenal Mensual Bimestral**

O/A traballadora social

Asdo: \_\_\_\_\_

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS, do día 20/06/2013, sendo este favorable.

Engade o alcalde que esta modificación que se somete ao pleno ven vinculada á modificación asemade da ordenanza fiscal onde se procurou axustar os marxes á capacidade económica.

Incorpórase a concelleira Hadriana Ordoñez Otero.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, manifesta que se absterán.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, di que vanna a aprobar se ben é obrigado por lei facer esta adaptación á normativa actual. A súa redacción e moi correcta e detallada recollendo todos os dereitos e deberes dos profesionais e usuarios, criterios para recibir as axudas, etc.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que a aprobación ven imposta pola Xunta de Galicia cun último Decreto que require da modificación da normativa municipal. Dende o departamento de servizos sociais procurouse o maior axuste económico afectando o menos posible aos usuarios. Unha vez máis vense reducidas aportacións autonómicas, que xunto co pagamento sanitario e redución das pensións recaeran xuntamente nos veciños. Posiblemente haxa que modificar en breve o apartado 18. Nunca esta suba é desexable e menos en época de crise.

O alcalde di que unicamente púidose determinar algo no abono dos servizos de concorrencia pero non noutros.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor ( 5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 abstencións ( os 6 do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, preténdese a modificación do artigo "5º.- Cota tributaria" da actual "Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio" para adaptala ao Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece: As corporación locais disporán dun prazo de 18 meses para adaptar a súas ordenanzas municipais ao disposto neste Decreto", Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 18/06/2013.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio", no seu artigo 5º.- cota tributaria, que queda cúa a seguinte redacción:

### **<<Artigo 5º.- Cota tributaria**

A cota tributaria será a resultante de aplicar a cantidade fixa de 12 €/hora, aos seguintes coeficientes de ponderación que se recollen a continuación en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004:

#### **1) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar :**

a. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

b. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

|   | GRAO I  |          | GRAO II |          | GRAO III |          |
|---|---------|----------|---------|----------|----------|----------|
|   | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II | Nivel I  | Nivel II |
| Capacidade económica (referida ó IPREM) | 20 h    | 30 h     | 40 h    | 55 h     | 70 h     | 90 h     |
| ≤ ó 100% do IPREM                       | 0%      | 0%       | 0%      | 0%       | 0%       | 0%       |
| >do 100% e ≤ do 115% do IPREM           | 4,52%   | 6,56%    | 8,59%   | 11,42%   | 14,47%   | 18,09%   |
| >do 115% e ≤ do 125% do IPREM           | 5,41%   | 7,84%    | 10,28%  | 13,66%   | 17,31%   | 21,64%   |
| >do 125% e ≤ do 150% do IPREM           | 5,55%   | 8,05%    | 10,54%  | 14,01%   | 17,76%   | 22,19%   |
| >do 150% e ≤ do 175% do IPREM           | 5,65%   | 8,19%    | 10,73%  | 14,26%   | 18,07%   | 22,59%   |
| >do 175% e ≤ do 200% do IPREM           | 5,72%   | 8,30%    | 10,87€  | 14,45%   | 18,31%   | 22,89%   |
| >do 200% e ≤ do 215% do IPREM           | 5,81%   | 8,42%    | 11,03%  | 14,66%   | 18,58%   | 23,23%   |
| >do 215% e ≤ do 250% do IPREM           | 6,03%   | 8,75%    | 11,46%  | 15,24%   | 19,31%   | 24,14%   |
| >do 250% e ≤ do 300% do IPREM           | 6,24%   | 9,05%    | 11,86%  | 15,76%   | 19,97%   | 24,97%   |
| >do 300% e ≤ do 350% do IPREM           | 6,42%   | 9,30%    | 12,19%  | 16,20%   | 20,53%   | 25,66%   |
| >do 350% e ≤ do 400% do IPREM           | 6,54%   | 9,48%    | 12,42%  | 16,51%   | 20,93%   | 26,16%   |
| >do 400% e ≤ do 450% do IPREM           | 6,63%   | 9,62%    | 12,60%  | 16,75%   | 21,22%   | 26,53%   |
| >do 450% e ≤ do 500% do IPREM           | 6,70%   | 9,72%    | 12,74%  | 16,93%   | 21,45%   | 26,82%   |
| Superior ó 500% do IPREM                | 6,76%   | 9,80%    | 12,84%  | 17,07%   | 21,63%   | 27,04%   |

c. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

d. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

#### Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 17 desta ordenanza.

| CAPACIDADE ECONÓMICA                        | Participación no custe do servizo de SAF básico |
|---|---|
| Menor de 0,80 IPREM                         | 0%  |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | (10%)   |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | (25%)   |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | (50%)   |
| Maior de 2,50 IPREM                         | (80%)   |

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.>>

Segundo.- Expoñer o acordo ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do día 20/06/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, manifesta que se absterán.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, di que vanna a aprobar igual que a modificación da ordenanza reguladora xa que é obrigado por lei e esta tense que adaptar a aquela.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que a aprobación ven imposta pola Xunta de Galicia cun último Decreto que require da modificación da normativa municipal. Dende o departamento de servizos sociais procurouse o maio axuste económico afectando o menos posible aos usuarios. Unha vez mais vense reducidas aportacións autonómicas, que xunto co pagamento sanitario e redución das pensións recaeran xuntamente nos veciños. Posiblemente haxa que modificar en breve o apartado 18. Nunca esta suba é desexable e menos en época de crise.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor ( 5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 abstencións ( os 6 do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **6.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

**6.1.- MOCION DO BNG CONTRA A MINARÍA SALVAXE E CONTAMINANTE (RXE nº 4641, do 21/06/2013).**-

## A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia debido á avaliación de impacto ambiental positiva pola Xunta de Galicia do proxecto mineiro de ouro en Corcoesto.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

### << EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para saúde das persoas.

En Galiza existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranger máis da metade da superficie do país. A maior parte das mesmas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentábel dos recursos mineiros. O aproveitamento de determinados recursos mineiros debe ser considerado estratéxico, decidido desde Galiza en función dos seus intereses, e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

Nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. Por exemplo, o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de se tramitar como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galiza) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, na Rede Natura, onde queren conceder 54 explotacións. Os concellos e as persoas afectadas non contan, tampouco a ordenación urbanística local. E non só é Corcoesto, en Bergantiños, senón O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, tamén están baixo esta ameaza.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou “fracking” son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente e os distintos usos do solo. Consume grandes cantidades de enerxía e agua e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación do solo e dos acuíferos.

Unha minaría a ceo aberto, salvaxe, que abre cráteres na superficie e fracturas nas profundidades, destruindo plantas, animais ou aldeas e lugares, se for preciso para os seus intereses. Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentábeis das persoas. Produce explosións, destrución física do territorio con cráteres de centos de hectáreas e centos de metros de profundidade, embalsamento de contaminantes como metais pesados, arsénico, cianuro), elimina acuíferos e contamina as augas.

Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan os prexuízos ambientais e socioeconómicos derivados doutros recursos naturais (forestais, agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos) e a saúde humana. Os permisos de investigación ligados á extracción de ouro implican o uso de cianuro, con riscos para a saúde e o medio ambiente. O cianuro é unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, un dos principais contaminantes, que pode ter impactos graves e irreversíbeis na saúde humana, no medio ambiente e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohíba a macrominaría a ceo aberto e a minaría con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais

suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer. E aínda máis, que Galiza sexa soberana na explotación dos seus recursos, como a minaría.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

#### ACORDO

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.
2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de "fracking", en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.
3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.
4. Exixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.
5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que o texto presentado polo BNG supón un completo descoñecemento da lexislación en materia de minas, ou persegue sementar a alarma e a confusión reclamando a aplicación de cautelas xa recollidas pola lei e que a Xunta de Galicia está a aplicar rigurosamente. A lei que rexe en Galicia nesta materia é a Lei 3/2008 de ordenación mineraria de Galicia, aprobada durante o bipartito cun Conselleiro de Industria do BNG. Agora, dende que está na oposición no Parlamento de Galicia semella que non lle gusta a lei que eles fixeron e que a Xunta de Galicia está cumprindo escrupulosamente.

Engade a voceira que o Plan Sectorial de actividades extractivas é a ferramenta que prevé a Lei do bipartito para ter unha coherencia e planificación en materia de minas e se está tramitando tal e como está indicado. Non é certo, como se di no punto 1, que a redacción do Plan Sectorial da Minería sexa competencia do Consello Galego da Minería xa que as funcións deste órgano é informar, pero se o BNG o ve tan fundamental non entende por qué non o constituíron no ano que pasou dende a aprobación da lei ata o cambio de goberno autonómico.

Por outra banda, continúa a voceira, solicítanse prohibicións de técnicas mineiras avaladas internacionalmente como a excavación a ceo aberto ou o uso de cianuro nunha parte do proceso. O Parlamento de Galicia xa estableceu unha moratoria para o emprego da fractura hidráulica ( fracking ) en Galicia mentres non se garanta a seguridade e a inocuidade desta técnica para o medio ambiente e para as persoas de acordo coa lexislación básica que a desenvolva. A todos os proxectos mineiros se lles esixen garantías económicas e seguros de responsabilidade civil que cubran as eventualidades que poidan xurdir na execución da actividade. Ademais en calquera autorización de explotación mineira inclúese a obrigatoriedade de planificación e

execución de restauración ambiental. Tamén se ve o descoñecemento da norma cando o BNG solicita que se faga unha avaliación do impacto sobre outras actividades económicas posto que é unha parte importante de avaliación dos proxectos. De feito a mellor proba que atopamos no recente anuncio do Presidente da Xunta de Galicia denegando unha solicitude de explotación mineira en Xinzo de Limia por ser incompatible co desenvolvemento da actividade agraria da zona.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, intervéñen para dicir que o que se solicita é a realización de estudos previos incluso coas universidades galegas, con expertos independentes, sobre a posible afectación dos recursos naturais, a súa repercusión económica, etc, sobre todo no caso do proxecto de Corcoesto que acaba a Xunta de Galicia de avaliar positivamente. Trátase de que as explotacións esten perfectamente respaldadas tecnicamente e coas maiores garantías. Apoian a moción porque é de loxica e non están de acordo co que está a facer o goberno autonómico do PP ao respecto.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que non se contou co BNG na elaboración do Plan e non está conforme con como se están a realizar eses estudos previos. Remata dicindo que a vida na terra non é eterna.

O alcalde pecha o turno de intervencións para sinalar que os gobernantes están a abrir cunha lei a porta a explotacións industriais. As minas a ceo aberto é un anacronismo reducido case que a zonas de África, explotadas maioritariamente por unha empresa canadense que descobre, neste caso, o noso "ouro". Realmente a nosa riqueza o é a diversidade e esplendor da natureza da que disfrutamos e que debemos conservar, o noso entorno medioambiental, sobre todo como acontece na zona do río Anllóns. Lembrese que tamén se dixo que contaban con todas as garantías xurídicas Aznarcollar, o Prestige... e outras actuacións que desencadearon en catástrofes ambientais.

Rematado o debate, sométese a moción a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor ( 5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra ( os 6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

*A concelleira Ana Eitor abandona o salón de plenos.*

**6.2.- MOCION DO BNG DE APOIO AO POBO SAHARAUI** (RXE nº 4643, do 21/06/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia para reiterarse na situación do pobo saharauí denunciada xa noutras veces.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns , lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



O pasado 27 de febreiro celebrouse o 37º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaí Democrática. Non obstante, nestes case corenta anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida por supor unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharauís sofren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, o que implicou declaracións de condena e de rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo.

Outra parte da poboación saharauí, aproximadamente 150 000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai case corenta anos, no deserto alxeriano, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, preto da cidade de Tinduf. E nos últimos anos, coa pretensión de dobrigar o pobo saharauí, reduciuse de xeito alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindíbeis para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

En novembro de 2010, as forzas de ocupación marroquís disolveron violentamente o campamento de Gdeim Izik, nos arredores de El Aiún, organizado por máis de 20 000 saharauís para protestar polas condicións infrahumanas en que viven. Os militares marroquís causaron vítimas e persoas desaparecidas e procederon a deter e torturar 24 saharauís para obter declaracións de responsabilidade na morte de axentes marroquís nestes feitos. Xulgados por un tribunal militar, sen garantías pola falta de probas, foron condenados con penas de cadea perpetua para nove deles e catorce con penas de entre 20 e 30 anos, o que significa un novo atentado contra o dereito de autodeterminación e as leis internacionais.

O pasado 7 de febreiro, o Parlamento europeo adoptou unha resolución manifestando a súa preocupación polo feito de se continuaren violando os dereitos humanos no Sáhara Occidental, pedindo protección aos dereitos fundamentais do pobo saharauí, incluída a liberdade de asociación, expresión e manifestación; exixindo a liberación das presas e presos políticos. Para alén diso, o Parlamento europeo parabenizou o nomeamento dun enviado especial e subliñou a necesidade dun seguimento internacional. Finalmente, manifestou o seu apoio a unha solución xusta e duradeira ao conflito, baseada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

Tamén, en todo este tempo, foron numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharauí traducidas de xeito especial nos centos de familias que todos os veráns acollen cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte ACORDO

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresar a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, exixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos, así como dos 24 saharauís condenados polos feitos de Gdeim Izik.
2. Por parte do Goberno municipal:
  - Estabelecer a irmandade cunha *daira* saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...
  - Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...).

3 Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a exixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4 Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharaí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5 Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Durán, comeza a súa exposición dicindo que a nivel municipal están de acordo sempre que se sumen á Declaración de Compostela do 12/06/2013 pola que o Parlamento Galego apoia a situación que se está a vivir no Sahara Occidental aprobada por unanimidade por todas as forzas políticas con representación na cámara. Por isto, propón unha emenda de xeito que se substitúa o punto 1 da moción pola Declaración de Compostela, adheríndose así o concello a ela.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a moción

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que estarían de acordo coa emenda.

O alcalde aproveita para comentar que o concello é unha das vilas que máis nenos acolle tal e como se ten recoñecido.

Rematado o debate, sométese a moción a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que son os constitúen a corporación coa emenda adoptada, sendo o texto final do acordo da moción o seguinte:

<<1. O Concello de Rianxo adhírese á Declaración de Compostela do 12/06/2013 adoptada polo Parlamento de Galicia e cuxo contido literal é o que segue:

“El Parlamento de Galicia, consciente de la responsabilidad histórica, legal y política que el Estado español tiene con la situación en el Sáhara Occidental (descolonización no culminada), realiza un llamamiento al Gobierno del Estado español para que:

- Otorgue un status diplomático a la Representación del Frente Polisario en España, como única y legítima representante del pueblo saharauí, así reconocido por la ONU, como paso previo al reconocimiento de la RASD.
- Promueva las iniciativas políticas necesarias dirigidas a conseguir una solución justa y definitiva, en defensa del legítimo derecho del pueblo saharauí a su autodeterminación, mediante un referéndum libre y regular, donde se contemplen todas las opciones, como paso final al proceso de descolonización inacabado.
- Exija al Reino de Marruecos el escrupuloso respeto por los Derechos Humanos en el territorio ocupado del Sáhara Occidental y el cese de las vulneraciones de derechos que sufre la población saharauí.
- Trabaje activamente, dentro de la Unión Europea, para que la MINURSO vea ampliadas sus funciones también a la vigilancia del cumplimiento de los derechos humanos en el Sáhara Occidental.
- Intensifique la cooperación humanitaria con la población saharauí, tanto en los campamentos de refugiados como en los territorios ocupados. Del mismo modo, y con la máxima exigencia, el Parlamento de Galicia acuerda:
- Exigir al Reino de Marruecos la inmediata liberación de los presos políticos y de conciencia saharauís, así como la anulación de los juicios llevados a cabo por sus tribunales contra los y las saharauís.
- Exigir al Reino de Marruecos que ponga fin al expolio de recursos naturales en el Sáhara Occidental. – Exigir el desmantelamiento del “muro de la vergüenza” construido en el Sáhara Occidental y el cese de la utilización de minas anti-persona.
- Instar a Naciones Unidas a agilizar la solución justa y duradera del conflicto del Sáhara Occidental, solución que pasa por llevar a la práctica el derecho de

autodeterminación del pueblo saharauí. Y a que dote a la Minurso de la potestad para la salvaguarda de los derechos humanos de la población saharauí en el territorio ocupado. Y exigir a los países del Consejo de Seguridad que no obstaculicen la resolución del conflicto.

- Hacer una especial mención a la situación dramática de soledad y desarraigo de las mujeres saharauíes de las zonas ocupadas -no conocida de forma suficiente por la ciudadanía y la comunidad internacional-, víctimas de la violación de los derechos humanos. En particular, las desaparecidas en los dichos territorios.
- Instar el conjunto de instituciones públicas de España a continuar el apoyo solidario y humanitario, reforzando la cooperación, tanto a la población refugiada en los campamentos de Tinduf como a los habitantes saharauíes de los territorios ocupados.
- Instar a la Unión Europea a colaborar en la búsqueda de la solución antes apuntada y a hacer efectiva la cláusula de respeto por los derechos humanos establecida en el Acuerdo Preferencial con el Reino de Marruecos
- Invitamos a los medios de comunicación a que traten el conflicto del Sáhara Occidental con la misma importancia y relevancia que le confiere a la sociedad española. Y animamos a tantas personas solidarias a que a través de las redes sociales se difunda y denuncie la situación del Sáhara ocupado.
- Establecemos como prioridad para la acción de los Intergrupos en este año 2013 el apoyo a la población saharauí de los territorios ocupados a través del envío de misiones de observación.
- Esta Declaración se remitirá a la representante del Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, al Gobierno de España, al Intergrupo sobre el Sáhara Occidental del Congreso de los Diputados, al Intergrupo del Parlamento Europeo, a la Comisión Europea, a la Delegación del Frente Polisario en España y al Gobierno de Marruecos. Asimismo, se enviará copia a las organizaciones saharauíes de DD.HH. en los territorios ocupados y a la Asociación de Derechos Humanos marroquí."

2 Por parte do Goberno municipal:

- o Establecer a irmandade cunha *daira* saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...
- o Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...).

3 Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a exixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4 Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5 Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

### **6.3.- MOCION DO BNG A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS E TRANSEXUAIS (RXE nº 4642, do 21/06/2013).-**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia pola iminencia do día internacional da liberación de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 28 de xuño é o Día Internacional da Liberación LGBT (lesbianas, gais, bisexuais e transexuais) data en que cada ano os colectivos LGTB conmemoran os disturbios de Stonewall (New York, 1969), que marcan o inicio do movemento de liberación homosexual, unha loita social que reivindica a dignidade e a igualdade das persoas, sexa cal for a súa orientación ou identidade sexual.

Con motivo do Día internacional polos dereitos das persoaslésbicas, gais, bisexuais e transexuais, é preciso que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBT. Cando falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social, observamos con alarma o cuestionamento de todo aquilo que se afaste do modelo heteropatriarcal e que combata un sistema que criminaliza a diversidade e a liberdade para decidir. É por iso que o apoio social e institucional ao recoñecemento que propón o movemento LGBT debe ser máis forte aínda neste contexto particular, cunha profunda involución democrática e co ataque constante por parte dos gobernos do PP aos dereitos conseguidos tras décadas de loita. Nesta, como noutras cuestións, non podemos retroceder nin consentir que nos devolvan á invisibilización doutrora e a espazos dominados pola hipocrísía e a dupla moral.

Cómpre tamén manifestar a necesidade de actuar a medio e longo prazo a través dun ensino laico no combate contra a discriminación por orientación ou identidade sexual que proclama, fundamentalmente no contexto en que nos inserimos, a Igrexa católica, especialmente reforzada nas últimas leis aprobadas polo PP. Denunciamos, neste sentido, o retroceso a outras etapas que pode supor a LOMCE, unha lei totalmente confesional que reforza de maneira escandalosa a presenza da relixión no ensino.

O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás reivindicacións destes colectivos, senón que sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar implementando medidas activas que persigan o fin da discriminación pola orientación sexual, cos obxectivos de educación na igualdade e no respecto e a posta en valor da diversidade, no apoio o colectivo das persoas pretercentes o colectivo LGBT vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBT etc, con fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.

Na sociedade actual, a homofobia continúa a existir como manifestación cruel e discriminatoria. Asemade, hai ámbitos onde os dereitos das persoas LGBT non están plenamente equiparados aos do resto da cidadanía.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro en que os fillos e as fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto á diversidade desde o ensino público.
3. Manifestamos o compromiso da concellería de educación do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a seren tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.>>

A concelleira propoñente engade que o feito de traer esta moción é a procura de mudar a mentalidade da sociedade que nos rodea: familiares, amizades, etc. Comenta que tampouco fai falta ir a Madrid para celebrar o día do orgullo gay, aquí preto hai outro tipo de actividades que persiguen achegar esta realidade. Tamén habería que reflexionar porque aquí no casan as parellas homosexuais.

O alcalde antes de dar a palabra aclara que no punto 1º suprimese a referencia á concellería de educación para ser un copromiso do Concello de Rianxo en conxunto.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, di que se absterán.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup> Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a moción e que como Madrid está lonxe lembra que o sábado 29 ás 19:30 celebrábase en Vigo a concentración para defender por unha sociedade con “mozos sen armarios”, igualdade sen recortes e educación sen restricións.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que estan de acordo.

Rematado o debate, sométese a moción a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor ( 5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 abstencións ( os 6 do PP) e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación o seguinte texto:

1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro en que os fillos e as fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto á diversidade desde o ensino público.
3. Manifestamos o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a seren tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.

## **9. ROGOS E PREGUNTAS**

O alcalde comeza coa resposta á pregunta no pleno anterior , da voceira do PP, Vanesa Martinez Durán, por qué desapareceu da rotonda o Pavo real, contestándolle que se debeu unicamente a un mero cambio de ornamentación que dispuxo a concellería de obras e servizos e que cando se dispoña de tempo executábase.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21,12 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:13 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**